



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE POLA QUE SE RECTIFICAN
ERROS NO REGULAMENTO ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO



ANTECEDENTES

1. O 18.05.2026 esta Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) aprobou o regulamento e o correspondente calendario electoral anexo da Federación Galega de Automobilismo (FGA), tras a aprobación da asemblea xeral desta o 12.04.2026.

2. O 15.06.2026 a FGA presentou no rexistro desta SXD un escrito solicitando cunha corrección de erros detectada no seu regulamento electoral, nos seguintes termos:

"Que reivsando o regulamento electoral aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte, detectamos unha errata no Artigo 18 b) "TRECE (13) representantes de deportistas, a distribuir entre os mesmos proporcionalmente ó número de licencias expedidas por cada especialidade": sendo correcta a suma de 13 representantes, falta engadir "1 Representante do estamento de deportistas de Slalom" para completar os 13 deportistas a elixir.

Polo que solicito que se aprobé enmenda da errata que aparece no regulamento electoral. "

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. O artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG núm. 71, do 13.04.2026), na súa versión consolidada, atribúe á Administración autonómica a facultade aprobar os regulamentos electorais das federacións deportivas galegas.

Segundo. O artigo 56.4.e) da citada Lei sinala como unha función pública delegada, exercida en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, garantir o

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar
15781 Santiago de Compostela



cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno.

Tendo en conta todo o anterior, RESOLVO:

1. Aprobar a rectificación de erros do regulamento electoral da FGA proposta, de tal xeito que no artigo 18.1.b) debe engadirse unha última alínea que diga:

" - 1 Representante do estamento de deportistas de Slalom"

2. Ordenar a publicación desta resolución, xunto co regulamento electoral aprobado o 18.05.2026, nos termos da lexislación electoral.

Esta resolución esgota á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a súa notificación consonte o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14.07.1998), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpor calquera outro que estimen pertinente.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Roberto García Fernández

O secretario xeral para o Deporte

Asinado por: ROBERTO GARCÍA FERNÁNDEZ
Cargo: secretario xeral
Data e hora: 16/06/2026 14:57:00

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar
15781 Santiago de Compostela

As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e serán verificables a través deste código.
Código: JZ000B6Nz01 <https://sede.xunta.gal/ve>

